

# 3º TRIMESTRE



**SAN TOMÉ 1**

CANVA STORIES

**2021-2022**

NUN ABRIR E PECHAR DE OLLOS ESFUMOUSE OUTRO CURSO MÁIS. PARA ALGÚNS DOS NOSOS NENOS E NENAS O PRIMEIRO, PARA OUTROS O ÚLTIMO DA SÚA ETAPA EN INFANTIL.

RESULTOU PARTICULAR PORQUE, DESPOIS DE DOUS ANOS, PUIDERON VOLVER A VERNOS AS CARAS, RECUPERAR A NORMALIDADE E GOZAR DE ACTIVIDADES TAN ESPECIAIS E ENRIQUECEDORAS COMO O PICNIC LITERARIO, AS XUNTANZAS OU AS CONVIVENCIAS ENTRE ESCOLAS.

NESTE TERCEIRO TRIMESTRE, OCUPARON GRAN PARTE DO TEMPO AS CONMEMORACIÓNS (OS MAIOS, DÍA DA FAMILIA, LETRAS GALEGAS...) E OS DÍAS SINALADOS TÍPICOS DO FINAL DE CURSO (XUNTANZAS DOS NENOS E NENAS DE SEXTO DE INFANTIL, VISITA AO CPI...). O RESTO DO TEMPO FOI DEDICADO Á REALIZACIÓN E REPETICIÓN DE PROPOSTAS DE ACTIVIDADE E TALLERES QUE FACILITARON O AFIANZAMENTO DOS CONTIDOS TRABALLADOS E TAMÉN O PROGRESO EN NOVAS HABILIDADES E CAPACIDADES, CONTRIBUÍNDO, COMO NOS MESES ANTERIORES, AO DESENVOLVEMENTO GLOBAL DO ALUMNADO.

AQUÍ QUEDA REFLECTIDO O TRABALLO DESTE ÚLTIMO E BREVE TRIMESTRE DO CURSO 2021-2022.

## ESPAZOS DE APRENDIZAXE

NOS DIFERENTES ESPAZOS DE APRENDIZAXE, QUE IMOS ATOPANDO CANDO CHEGAMOS A PRIMEIRA HORA DA MAÑÁ, ESTÁN RELACIONADOS COS DIFERENTES ÁMBITOS A TRABALLAR COMO SON: LINGUAXES, LÓXICA- MATEMÁTICA, CREACIÓN E SENSORIAL.

### ESPAZO DA LINGUAXE

SEGUIMOS AVANZANDO NA ADQUISICIÓN DA LECTOESCRITURA A TRAVÉS DE PROCESOS PREVIOS MOI IMPORTANTES COMO SON A PSICOMOTRICIDADE FINA, COORDINACIÓN ÓCULO-MANUAL, CONCENTRACIÓN, ATENCIÓN, PRECISIÓN E PRENSIÓN.

ASÍ COMO TAMÉN A CONCIENCIA FONOLÓXICA, É DICIR, SABER RECOÑECER AS LETRAS POLO SEU SON; O DESENVOLVEMENTO DA LINGUAXE ORAL, DANDO A OPORTUNIDADE DE FALAR, DE CONTAR E DE EXPRESARSE. E A EMOCIÓN E CURIOSIDADE DE APRENDER A TRAVÉS DO DESENVOLVEMENTO DE DIFERENTES PROPOSTAS E TALLERES ORGANIZADAS ESTE TRIMESTRE.

SEGUIMOS LEVANDO A CABO DIFERENTES **PROPOSTAS DE APRENDIZAXE** NESTA ZONA COMO FORON:



**CADA PINZA NA SÚA LETRIÑA:** IDENTIFICACIÓN E CORRESPONDENCIA GRAFÍA A GRAFÍA COS DEPRESORES DAS DIFERENTES LETRAS, ASÍ COMO A COMPOSICIÓN DOS NOMES DOS COMPAÑEIROS E COMPAÑEIRAS. CON ESTA ACTIVIDADE, ADEMAIS DE AFIANZAR O RECOÑECEMENTO DAS DIFERENTES LETRAS, TRABALLAREMOS A ATENCIÓN E A GRAFOMOTRICIDADE A TRAVÉS DA PINZA.




**XOGAMOS COS SELOS:** COA AXUDA DA RULETA, BUSCAMOS A LETRA QUE NOS SAIU E POÑEMOS O SELO. ADEMAIS, EMPREGANDO A CAIXA DE SONS, BUSCAMOS UN ELEMENTO QUE COMECE POLO SON DE ESA LETRA, E O REPRESENTAMOS NO PAPEL. TRABALLAREMOS ASÍ A CONCIENCIA FONOLÓXICA, A IDENTIFICACIÓN DE LETRAS E A ASOCIACIÓN GRAFEMA-FONEMA.



**CONSTRUÍMOS LETRAS:** CO USO DOS POLICUBOS XOGAREMOS A COMPOÑER LETRAS ESCRIBÍNDOAS NA PIZARRA



**QUEN SON?** ASOCIACIÓN DOS NOMES DOS COMPAÑEIROS COA IMAXEN DO SEUS OLLOS. O OBXECTIVO PRINCIPAL DESTA ACTIVIDADE É AVANZAR NO RECOÑECEMENTO DO NOME PROPIO COMO NOS DOS SEUS COMPAÑEIROS E COMPAÑEIRAS.





**AS NOSAS ÁRBORES:** COMPOSICIÓN DO NOME DAS ÁRBORE QUE LEVAMOS INVESTIGADAS COAS LETRAS DO ALFABETO MÓBIL, TRABALLANDO DESTE XEITO, VOCABULARIO NOVO E ATENCIÓN.




ADEMAIS DOUTRAS PROPOSTAS RELACIONADAS CON MATERIAIS QUE TEMOS FIXOS NA AULA COMO SON OS RESAQUES METÁLICOS, OS QUEBRACABEZAS DE LETRAS, OU O TRABALLO COA CAIXA DE SONS DE FORMA LIBRE.



*"A CAPACIDADE PARA FALAR É O PRINCIPIO QUE DISTINGUE Ó SER HUMANO DAS DEMAIS ESPECIES"*

A FALA PERMITE EXTERIORIZAR IDEAS, DESEXOS, PENSAMENTOS, RECORDOS...POR ISO NOS TALLERES DE LINGUAXE TRABALLAREMOS TODOS ESTES AFECTOS AFONDANDO NA LINGUAXE ORAL, VOCABULARIO, FAVORECENDO A ESCOITA, TURNOS DE PALABRA...

NESTE TRIMESTRE ALGÚNS DOS **TALLERES** TRABALLADOS ESTIVERON RELACIONADOS COA CONCIENCIA FONOLÓXICA CO USO DO LIBRO "O ABECEDARIO TRAVIEZO". NUN PRIMEIRO MOMENTO, EN GRAN GRUPO NOMEAREMOS PALABRAS QUE COMEZAN POR ESE SON, BUSCAREMOS O INTRUSO E FINALMENTE EN PAPEL PLASMAREMOS CO DEBUXO E ESCRITURA DAS IMAXES QUE COMEZAN POR ESE SON.



OUTROS TALLERES REALIZADOS NESTE ÁMBITO FORON:

- **PALABRAS EN MOVIMENTO**, DEPENDENDO DA PALABRA QUE NOS TOCASE SEGMENTARÍAMOS OU DESCOMPOÑERÍAMOS A PALABRA EN SÍLABAS. SENDO A NOSA FERRAMENTA PRINCIPAL, O CORPO, PARA DESCOMPOÑER AS PALABRAS EN SÍLABAS LEVANTANDO OS BRAZOS, DANDO TANTOS SALTOS, DANDO PASIÑOS, PALMAS, COLLENDO O NÚMERO CORRESPONDENTE...

- **INVENTAMOS HISTORIAS**: EN GRAN GRUPO CREAREMOS UN CONTO CONXUNTO COA AXUDA DE DOS DADOS DE HISTORIAS, ENLAZANDO AS IDEAS, PERSONAXES, LUGARES QUE NOS SAEN EN CADA TIRADA DOS DADOS. DESTA MANEIRA, TRABALLAREMOS S IMAXINACIÓN, CREATIVIDADE, VOCABULARIO, CONTSRUCCIÓN DE ORACIÓNS SINXELAS, MANTER UNHA ACTITUDE DE ESCOITA E RESPECTO...



# ESPAZO SENSORIAL E DE CREACIÓN

"El arte no se crea, el arte se partic

NESTE ESPAZO DA AULA PRETENDEMOS QUE OS CATIVOS E CATIVAS ADQUIRAN UNHA SERIE DE APRENDIZAXES MEDIANTE A EXPERIMENTACIÓN E O DESCUBRIMENTO, E QUE POIDAN DESENVOLVER TAMÉN AS SÚAS HABILIDADES SOCIAIS E COGNITIVAS.

POR ISO, CREAMOS DIFERENTES **PROPOSTAS DE APRENDIZAXE** ONDE SE TRABALLAN AS SENSACIÓNS A TRAVÉS DE EXPERIENCIAS, DOTANDO ÓS PEQUENOS/AS DE LIBERTADE PARA EXPLORAR, DESCUBRIR E GOZAR DOS SEUS SENTIDOS. ENTENDEMOS A EXPRESIÓN ARTÍSTICA COMO UNHA ACCIÓN LÚDICA, PROCESO DE SIMBOLIZACIÓN E DE OPORTUNIDADE PARA CREAR E SENTIR, UNINDO EN MOITAS OCASIÓNS O SENSORIAL E O ARTÍSTICO.

ASÍ EMPREGAREMOS A MESA DE EXPERIMENTACIÓN PARA FACER TRASVASES E EXPLORAR SENSORIALMENTE TEXTURAS VARIADAS (PASTA SECA, FARIÑA E LENTELLAS...) E CON FERRAMENTAS E RECIPIENTES DIVERSOS, A MESA DE LUZ, A TORRE ROSA A ESCALEIRA MARRÓN, O ARCO DA VELLA, TRABALLO CON VARIIDADE DE PUZLES, INSERIDO DE CONTAS EN LIMPAPIPAS, TRABALLANDO A PINZA DIXITAL, ESTAMPADO DE SELOS CON MOTIVOS DE PRIMAVERA, E OUTRAS PROPOSTAS ONDE É PRECISO EMPREGAR A PINZA E OU A FORZA DA MAN E DOS DEDOS... (TRABALLAR A PINZA DIXITAL FAISE IMPRESCINDIBLE PARA COLLER POSTERIORMENTE O LAPIS, DO XEITO CORRECTO E COA FORZA AXEITADA).



DURANTE ESTE TRIMESTRE, OS **TALLERES** RELACIONADOS COA SENSORIALIDADE E A ARTE DESTINÁRONSE A DESCUBRIR AS PROPIEDADES ARTÍSTICAS DE DIFERENTES MATERIAIS:



**PINTURAS SIMÉTRICAS:**  
ADEMAIS DE TRABALLAR A SIMETRÍA, COMPROBAMOS COMO SE PODE PINTAR CON LÁ.



**ESTAMPAMOS FOLLAS:**  
APROVEITANDO PARA VER CALES SON AS SÚAS PARTES.



**PINTURA EN TEA:**  
PREPARAMOS UNHAS BOLSAS PARA PODER LEVAR PARA CASA TODO O QUE FIXEMOS ESTE CURSO.



**PINTAMOS CON GLOBOS:** CON PINTURA DE MOITAS CORES E GLOBOS, FACEMOS ESTAMPACIÓNS QUE QUEDAN MOI COLORIDAS.



# ESPAZO DA LÓXICO-MATEMÁTICA

NA ZONA DE LÓXICA MATEMÁTICA PRESENTÁRONSE, TANTO PROPOSTAS DE TRABALLO COMO TALLERES PARA REPASAR E AFIANZAR APRENDIZAXES TRABALLADAS NOS ANTERIORES TRIMESTRES, ENGADINDO ALGÚN NOVO, COMO SON AS SIMETRÍAS E A INICIACIÓN Á OPERATIVIDADE.

ASÍ, ALGUNHAS DAS **PROPOSTAS DE APRENDIZAXE** PRESENTADAS FORON:

**SIMETRÍAS CON ESPELLOS**



**SIMETRÍAS CON POLICUBOS**



**ORIENTACIÓN ESPACIAL E FIGURAS XEOMÉTRICAS CO TANGRAM.**



**DOMINÓ DE DIFERENZAS**




**SUMAS COA BALANZA NUMÉRICA**



**ORDENACIÓN DE SECUENCIAS TEMPORAIS: O CICLO DE VIDA DA PLANTA**



**CONSTRUCCIÓN DA SERIE NUMÉRICA**





OS **TALLERES** DE LÓXICA MATEMÁTICA ESTÁN PENSADOS PARA TRABALLARMOS OS CONTIDOS DUN XEITO MOI ESTRUTURADO. ESTE TRIMESTRE AFIANZAMOS APRENDIZAXES XA INICIADAS NOS ANTERIORES, E AMPLIAMOS NOS TALLERES DE:

### **TALLERES DE XEOMETRÍA: SIMETRÍAS.**

NO DESENVOLVEMENTO MATEMÁTICO DOS NENOS E NENAS FAISE IMPRESCINDIBLE TRABALLAR O CONCEPTO DE SIMETRÍA. PARTINDO SEMPRE DE ACTIVIDADES VIVENCIAIS, COMO POR EXEMPLO PEGARLE Ó NENO/A LÁ DE ARRIBA A ABAIXO, MARCANDO O EIXO QUE DIVIDE O CORPO. COMO SON AS DÚAS PARTES? IGUAIS? HAI AS MESMAS PARTES DO CORPO NOS DOUS LADOS? TAMÉN EXPERIMENTAMOS COA AXUDA DUN ESPELLO COS DEBUXOS SIMÉTRICOS E PROBAMOS A CONSTRUIR NÓS ALGÚN SIMÉTRICO.



NUNHA SESIÓN POSTERIOR SEGUIMOS EXPERIMENTANDO A SIMETRÍA CON DIFERENTES MATERIAIS COMO POLUCBOS OU PEZAS DE MADEIRA PARA PODER FACER AS NOSAS COMPOSICIÓN SIMÉTRICAS.



**TALLERES DE NUMERACIÓN: CONSTRUCCIÓN DA RECTA NUMÉRICA:** FAISE IMPRESCINDIBLE TER MEMORIZADA SUFICIENTEMENTE A SERIE NUMÉRICA, PARA PODER, CHEGAR A DAR O NÚMERO DUNHA CANTIDADE. (POR ISO SE FAI TAN IMPORTANTE TRABALLAR AS SERIES, NON SÓ A NUMÉRICA SENÓN PRACTICÁNDOAS COMO FILAS DE ELEMENTOS OU DEBUXOS QUE SEGUEN UN RITMO DE REPETICIÓN BASEADO EN ALTERNAR ELEMENTOS DE DIFERENTES CUALIDADES ).


NESTES TALLERES TRABALLAMOS EN PROFUNDIDADE A RECTA NUMÉRICA, PRIMEIRO CUNHA GRAN ALFOMBRA QUE NOS PERMITE TER BEN VISIBLES TÓDOLOS NÚMEROS E NA SÚA ORDE. PARA POSTERIORMENTE TRABALLARMOS CON OUTRAS MÁIS PEQUENAS E ASÍ TAMÉN

MÁIS MANEXABLES, REMATANDO COA CONSTRUCCIÓN DA SÚA PROPIA. TAMÉN ABORDAMOS A RELACIÓNS DE ORDE E POSICIÓ, TRABALLANDO ANTERIOR E POSTERIOR.



### TALLERES DE OPERATIVIDADE:


INICIÁMONOS NA OPERATIVIDADE FACENDO DESCOMPOSIÓNS DE CANTIDADES DADAS. PRIMEIRO DESCOMPOÑENDO UN GRUPO X DE NENOS/AS (PAQUETES DE NENOS E NENAS) INCIDINDO NO FEITO DE QUE SON OS MESMOS NO GRUPO A PESARES DOS CAMBIOS DE DISTRIBUCIÓN, VERBALIZANDO ESTES CAMBIOS. LOGO PASAMOS A TRABALLAR DE XEITO MANIPULATIVO CON PEZAS DE CONSTRUCCIÓN, FACEMOS UNHA TORRE CON 5 PEZAS, POR EXEMPLO, SE FACEMOS CON ESAS MESMAS PEZAS DÚAS TORRES, CANTAS PODE TER CADA UNHA? SIGO A TER A MESMA CANTIDADE DE PEZAS?



NO SEGUINTE TALLER PASAMOS A FACER DESCOMPOSICIÓNS POR ENGADIDO DO RESTO.



**TALLER DE MEDIDA:** NESTAS IDADES PREDOMINA O MOVEMENTO E A MANIPULACIÓN DE MATERIAIS QUE PROVOCAN A REFLEXIÓN, A CONSTRUCCIÓN DE RELACIÓNS MENTAIS, E EN PARTICULAR AS DE EQUIVALENCIA E DE ORDE (TRABALLADO ANTERIORMENTE). PARA NOS APROXIMAR A ESTE CAMPO O PRIMEIRO É EMPREGAR O NOSO CORPO. COMPARAMOS A LONXITUDE DA CLASE E O QUE PERCORREMOS SE DAMOS 5 PASOS (ONDE EXISTE BASTANTE DIFERENZA). A CONTINUACIÓN MEDIMOS CON UNIDADES CORPORAIS, CANTAS VECES TEMOS QUE POÑER O PÉ UN DIANTE DO OUTRO, PARA IR DUNHA MESA A OUTRA, CANTOS PÉS CABEN NESE MOBLE? E SE O FAI A MESTRA, SON OS MESMOS? CANTAS MANS UNHA DIANTEDA OUTRA? E FINALMENTE FACEMOS UNHA PEQUENA APROXIMACIÓN Ó USO DO METRO.



TALLERES DE REPASO: ADEMAIS FIXEMOS REPASO E AFIANZAMENTO DE OUTROS CONCEPTOS COMO FORMAS XEOMETRÍA E IDENTIFICACIÓN DE NÚMEROS A TRAVÉS DE XOGOS.



# CONMEMORACIÓN E CELEBRACIÓN

## PICNIC LITERARIO



SEN DÚBIDA UN DOS DÍAS MÁIS ESPECIAIS NON SÓ DO TRIMESTRE SENÓN DO CURSO. ESTÁBAMOS DESEXOSOS DE FACER AS FAMILIAS PARTÍCIPIES DESTA XORNADA ADEMAIS DE REALIZAR UNHA ACTIVIDADE CONXUNTA CON TODAS AS ESCOLAS, CONMEMORANDO XUNTOS O DÍA DO LIBRO.

POUCO A POUCO FOMOS CHEGANDO ATA O LUGAR, IMPREGNADO DE NATUREZA, DE VIDA E DE ACTIVIDADE. EXPLORAMOS O ESPAZO E ESCOLLEMOS UNHA ÁRBORE BAIXO A CAL REUNIRNOS COMO ESCOLA. DESPOIS COMEZAMOS UNHA PEQUENA ANDAINA ATA A ALDEA LABREGA ONDE ESTIRAMOS A NOSA MANTA DE PICNIC E DISPUXÉMONOS A ESCOITAR AO PROFE ANTONIO, QUEN TIÑA UNHA GRAN MISIÓN PARA NOS.




E DISPUXÉMONOS A ESCOITAR AO PROFE ANTONIO, QUEN TIÑA UNHA GRAN MISIÓN PARA NOS.




AQUÍ LEVOUSE A BUSCA DO TESOURO DE CONTO. PARA PODER ATOPALO ANTONIO FOI DINAMIZANDO A ACTIVIDADE OFRECENDO CERTAS PISTAS (UNHAS ORELLAS, UNHA CULLER, UNHA TORTA DE ANIVERSARIO...) A PARTIR DAS CALES O ALUMNADO TIVO QUE ADIVIÑAR O SEU CONTO A LOCALIZAR.

UNHA VEZ IDENTIFICADO E FROITO DA EMOCIÓN, CADA AULA SAÍA DISPARADA NA BUSCA DUNHA CAIXA TEMÁTICA (A CAL CONTIÑA O CONTO CORRESPONDENTE). A VERDADE É QUE NENOS E NENAS SON EXPERTOS EN HISTORIAS ASÍ QUE NON TIVERON DIFICULTADE PARA COMPLETAR A MISIÓN.



AO FINALIZAR ESTA BUSCA, VOLVEMOS POLO CAMIÑO ATA A NOSA ÁRBORE E TIVO LUGAR UN MOMENTO MÁXICO XA QUE TANTO DOCENTES COMO FAMILIAS E INCLUSO ALUMNADO SE CONVERTERON EN NARRADORES DE HISTORIAS. UNHA ESTAMPA MARABILLOSA NA QUE AS MANTAS DE PICNIC SE ENCHERON DE MILLEIROS DE LIBROS E, O MÁIS IMPORTANTE, DE VÍNCULOS, PALABRAS E INTERACCIÓNS.



DESPOIS DE TODO ISTO COMPARTIMOS Ó AIRE LIBRE UNHA DELICIOSA MERENDA GRACIAS A ANPA E AS FAMILIAS QUE SE ENCARGARON DE REPARTIR VASOS, AUGA, BROCHETAS DE FROITA, BOCATAS, TORTILLA....



COAS FORZAS XA RECUPERADAS APROVEITAMOS UN RATIÑO DE XOGO LIBRE. O DÍA PECHOU COA ACTUACIÓN MUSICAL DO GRUPO PESDELÁN GRACIAS A QUEN DANZAMOS, CANTAMOS, XOGAMOS, RIMOS E COMPARTIMOS MOMENTOS MOI AGRADABLES TANTO O ALUMNADO COMO OS ADULTOS!! (TEMOS QUE CONFESAR QUE ALGUNHA CANCIÓN XA A LEVÁBAMOS ENSAIADA).




NON TEMOS DÚBIDA DE QUE NENOS E NENAS CHEGARON ESTE DÍA AGOTADOS A CASA PERO ISO É SINAL DE QUE FOI UN ÉXITO DE XORNADA. MOITAS GRACIAS FAMILIAS POR PARTICIPAR E ACOMPAÑARNOS!

## DÍA DA FAMILIA

SE AS APRENDIZAXES MÁIS SIGNIFICATIVAS DOS NENOS E NENAS DANSE EN RELACIÓN COA CONTORNA PRÓXIMA, QUE PODE HABER MÁIS PRÓXIMO CA FAMILIA? SON QUEN TE ACOLLE CANDO NACES, QUEN CHE PROPORCIONA AS PRIMEIRAS EXPERIENCIAS DE VIDA... PERO TAMÉN QUEN TE VAI ACOMPAÑAR TODO O CAMIÑO DA MESMA, POR ISO É TAN IMPORTANTE, QUE DENDE O COLE DECIDIMOS DAR CABIDA Á CELEBRACIÓN DO "DÍA DA FAMILIA" QUE É O 15 DE MAIO.

FIXÉMOLO PARTINDO DO CONTO "UN PUÑADO DE BOTONES", QUE NOS INVITA A COÑECER DISTINTOS TIPOS DE FAMILIAS, SABENDO QUE TODAS TEÑEN UN FIO EN COMÚN QUE UNE AOS SEUS MEMBROS, O AMOR.

COS BOTÓNS QUE PEDIMOS QUE NOS ENVIÁRADES, CREAMOS A REPRESENTACIÓN DA FAMILIA DE CADA NENO E NENA.



PREPARAMOS TAMÉN UN AGASALLO PARA COMPARTIR COA NOSA FAMILIA, DESTA VOLTA FIXEMOS UN ADORNO NO QUE SOBRE UNHA BASE DE BARRO COLOCAMOS UN CORAZÓN FEITO CON "ABALORIOS" ENSERTADOS NUN LIMPAPIPAS, CON FORMA DE CORAZÓN.



## DÍA DAS LETRAS GALEGAS

COMO CADA ANO, CONMEMORAMOS O FEITO DE TER NA NOSA COMUNIDADE AUTÓNOMA UNHA LINGUA PROPIA, O GALEGO. ASÍ, O 17 DE MAIO, DÍA DAS LETRAS GALEGAS, ADÍCASE DESTA VOLTA Ó AUTOR **FLORENCIO DELGADO GURRIARÁN**.

DENDE O EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA QUE TEMOS NO CENTRO PROPÚXOSE UNHA CELEBRACIÓN NA QUE DE NOVO XUNTÁMONOS EN PEQUENOS GRUPOS DE VARIAS AULAS, ACUDINDO A UN ENTORNO NATURAL, E VINCULANDO UN DOS POEMAS DESTE AUTOR COA NOSA CONTORNA, RÍOS, ÁRBORES...

NO NOSO CASO FIXEMOS UNHA CONVIVENCIA COS NENOS, NENAS E PROFES DA ESCOLA DE SAN LORENZO, QUE VIÑERON COMPARTIR UN DÍA CON NÓS, E FACENDO UNHA SAÍDA Ó REGATO DE SAN TOMÉ.

APROVEITAMOS PARA COÑECERNOS TODOS CUNHA ACTIVIDADE DE PRESENTACIÓN (AÍNDA QUE MOITOS SE ENCONTRARON CON AMIGOS DE ACTIVIDADES QUE FAN POLA TARDE).






DURANTE A SAÍDA APROVEITAMOS PARA OBSERVAR O RÍO E AS ÁRBORES E IDENTIFICAR AS SÚAS FOLLAS COAS TARXETAS QUE TEMOS, RECOLLEMOS ELEMENTOS NATURAIS PARA LOGO FACER ACTIVIDADES... PERO SOBRE TODO, CONVIVIR, COS AMIGOS E AMIGAS DOUTRAS AULAS E COS DE TÓDOLOS DÍAS, DESFRUTANDO DO XOGO AO AIRE LIBRE.



## DÍA DO MEDIO AMBIENTE

FOMENTAR A CONCIENCIA ECOLÓXICA A NECESIDADE DE COIDAD DO NOSO PLANETA, É UN OBXECTIVO QUE SE INCLÚE XA NAS ETAPAS INICIAS DO ENSINO. ESTE CURSO, DENDE VOZ NATURA, PROPÚXOSE TRABALLALO CON MOTIVO DA CELEBRACIÓN DO DÍA DO MEDIO AMBIENTE FACÉNDOO A TRAVÉS DE DIFERENTES ACTIVIDADES, NAS QUE PARTINDO DO DIÁLOGO E POSTA EN COMÚN DOS COÑECEMENTOS SOBRE O TEMA, (A IMPORTANCIA DE EVITAR CONDUTAS QUE SEXAN CONTRARIAS Á CONSERVACIÓN DA NOSA CONTORNA, QUE PODEN REPERCUTIR DIRECTAMENTE NA FLORA E FAUNA DA MESMA E NA PROPIA VIDA DAS PERSOAS).

FIXEMOS UNHA SAÍDA PARA FACER UHA BATIDA DE LIMPEZA, RECOLLENDO O O LIXO QUE ATOPABAMOS, PARA LOGO, UNHA VEZ NA AULA, LEVAR A CABO UN OBRADOIRO DE SEPARACIÓN DE RESIDUOS, RECICLÁNDOOS NAS PAPELERAS E CONTEDORES AXEITADOS.



APROVEITAMOS TAMÉN NESTA SAÍDA PARA SEGUIR INVESTIGANDO SOBRE AS ÁRBORES QUE TEMOS NA NOSA CONTORNA E ATOPAMOS O FREIXO.



# PROXECTO DOCUMENTAL INTEGRADO


AO IGUAL QUE NOS TRIMESTRES ANTERIORES, SEGUIMOS INVESTIGANDO SOBRE AS ÁRBORES DA NOSA CONTORNA, VENDO AS SÚAS CARACTERÍSTICAS E TRABALLANDO O COIDADADO DA NATUREZA.

CONTINUANDO CO TRABALLO FEITO ATA O MOMENTO E PARA DISFRUTAR DA ZONA QUE NOS RODEA, SEGUIMOS FACENDO SAÍDAS Ó RÍO DESCUBRINDO ÁRBORES COMO O SABUGUEIRO, O SALGUEIRO E O FREIXO, RECOLLENDO FOLLAS E FLORES.

DESCUBRIMOS  
QUE O  
**SABUGUEIRO** NON  
É UNHA ÁRBORE,  
SENÓN UN  
ARBUSTO GRANDE  
CUNHAS FLORES  
MOI BONITAS.



O **SALGUEIRO** PRECISA  
MOITA AUGA, POR ISO  
SEMPRE ESTÁ NA BEIRA  
DO RÍO.



A MADEIRA DO **FREIXO**  
ÚSASE PARA FACER  
MANDOS DE  
FERRAMENTAS



DEPOIS DE CADA SAÍDA, E DE SECAR AS SÚAS FOLLAS, SEGUIMOS CONSTRUÍNDO O NOSO HERBARIO, DEIXANDO CONSTANCIA DE CADA UNHA DESTAS ÁRBORES E DAS SÚAS CARACTERÍSTICAS MÁIS IMPORTANTES.



ADEMAIS CREAMOS UN ESPAZO DE NATUREZA DENTRO DA AULA, CON DIFERENTES PROPOSTAS E ACTIVIDADES RELACIONADAS:

QUEBRACABEZAS COAS PARTES DUNHA FOLLA E DUNHA ÁRBORE



COMPOSICIÓN DE QUEBRACABEZAS COAS FOLLAS DAS ÁRBORES COÑECIDAS



MEMORI DE ÁRBORES E FOLLAS



OBSERVACIÓN DO LIBRO "INVENTARIO DAS ÁRBORES" DA EDITORIAL KALANDRAKA



ASÍ COMO OTRAS PROPOSTAS DO OUTRAS ZONAS QUE TAMÉN ABORDAN ASPECTOS DAS ÁRBORES TRABALLADAS:

COMPOSICIÓN DO NOME DAS  
ÁRBORES COAS TARXETAS E O  
ALFABETO MÓBIL



TAMÉN CONTINUAMOS FACENDO O SEGUIMENTO E O COIDADO DO VIVEIRO DAS ÁRBORES DAS QUE FOMOS PLANTANDO AS SÚAS SEMENTES.



# VOZ NATURA

ESTE CURSO CONSEGUIMOS MESAS DE PLANTACIÓN PARA TÓDALAS ESCOLAS. NO MES DE ABRIL NOLAS MONTARON E PLANTAMOS PLANTAS AROMÁTICAS (OUREGO, COANDRO, TOMIÑO E TOMIÑO LIMÓN) E LEITUGAS, PARA PODER VELAS MEDRAR NO POUCO TEMPO QUE NOS QUEDA DE CURSO.



E CHEGOU O MOMENTO DA COLLEITA!



A DESPEDIDA DEFINITIVA DO INVERNO CHEGOU COA **FESTA DOS MAIOS**, PERO ESTE ANO TAMÉN DE FORMA DIFERENTE. COMO O CURSO PASADO, CADA ESCOLA FIXO UNHA SAÍDA Á CONTORNA PARA RECOLLER PAMPULLOS E PODER FACER COLARES E COROAS. É ÉPOCA DE EXALTACIÓN DA NATUREZA CON TÓDALAS CORES DA PRIMAVERA E O COMEZO DA CALOR.



Aproveitamos este ano para plantar patacas e cacahuetes e ver o seu crecemento.



# XUNTANZAS

DESPOIS DE DOUS ANOS SEN PODER FACER AS XUNTANZAS DOS NENOS E NENAS DE 5 ANOS, ESTE FINAL DE CURSO POR FIN CHEGOU O MOMENTO!

ANTES DE QUE A PANDEMIA CHEGASE, O ALUMNADO DE 5 ANOS XUNTÁBASE NA ESCOLA DE PARADELA CADA 15 DÍAS, E FACÍAN ACTIVIDADES XUNTOS CO MOTIVO DE IR COÑECÉNDOSE DE CARA Á ENTRADA NO CPI.

EN XUÑO, O ALUMNADO DE 5 ANOS DE TÓDOLAS ESCOLAS REUNÍRONSE EN PARADELA. ESTA PRIMEIRA XORNADA COMEZOU CUNHA ACTIVIDADE DE PRESENTACIÓN PARA COÑECERNOS MELLOR.

DESPOIS, A TRAVÉS DO XOGO LIBRE E CON MATERIAIS DIVERSOS FOMOS FACENDO PEQUENOS GRUPOS DE MANEIRA ALEATORIA. ISTO NOS SERVIU PARA INTERACTUAR, SOCIALIZAR E APRENDER DISTINTAS ACTITUDES COMO: O RESPECTO, A AXUDA, O COMPROMISO, A RESPONSABILIDADE, ETC. TAMÉN UTILIZAMOS O XOGO COOPERATIVO, ONDE TRABALLAMOS AS HABILIDADES SOCIAIS E A EDUCACIÓN EMOCIONAL, FUNDAMENTALMENTE.

AVANZANDO A XORNADA, FIXEMOS COMPOSICIÓNS DO CORPO DOS NÓSOS COMPAÑEIROS E COMPAÑEIRAS NUN FOLIO A3.



AO MESMO TEMPO PARTICIPAMOS NA RADIO CON PAULA CARBALLEIRA (ESCRITORA, ACTRIZ E CONTACONTOS), ONDE LLE FACIAMOS PREGUNTAS SOBRE OS CONTOS QUE ELA CONTABA E ELA TAMÉN NOS PREGUNTABA SOBRE A NOSA MASCOTA RABUÑOSO E MÁXICA.

PARA REPOÑER FORZAS, FIXEMOS UNHA MERENDA TODOS XUNTOS.





CONTINUAMOS A XORNADA PREPARÁNDONOS E POÑÉNDONOS BOTAS E CHUBASQUEROS DE AUGA, CAMIÑANDO CARA AO CAMPO DA BOCA ONDE PUIDEMOS GOZAR DE MOMENTOS DE XOGO E DUN CONTACONTOS DE PAULA CARBALLEIRA.



UNHA VEZ CHEGADO AO FINAL DA XORNADA OS NÓSOS PAIS E NAIS VIÑERON BUSCARNOS. FOI UN DÍA IRREPETIBLE E MEMORABLE.

# VISITA Ó CPI

CON NERVIOS E MOITA ILUSIÓN CHEGOU ESTE DÍA TAN ESPERADO! OS NENOS E NENAS DO ÚLTIMO CURSO DE EI DO CRA VISITAMOS O CPI DE MOSTEIRO.

SAÍMOS DA ESCOLA DE SAN TOMÉ PASEANDO ATA CPI. ALÍ, RECIBÍRONNOS ALGÚNS PROFESORES, QUE FORON NOSA GUÍA E ACOMPAÑAMENTO DESDE O INICIO ATA O FINAL DA XORNADA. UNHA VEZ DENTRO, MOSTRÁRONNOS AS AULAS DE 1º E 2º DE PRIMARIA E VISITAMOS A BIBLIOTECA. NO CHAN DA BIBLIOTECA SENTÁMONOS E CELEBRAMOS A NOSA ASEMBLEA, PARA COÑECERNOS MELLOR, NENOS, NENAS E PROFES, APROVEITANDO PARA FALAR DOS IRMÁNS MAIORES QUE ESTÁN NO COLEXIO.

VISITAMOS TAMÉN A AULA DE MÚSICA, ONDE NOS ENSINARON MOITOS INSTRUMENTOS.



TIVEMOS UNHA MERENDA COMPARTIDA COS COMPAÑEIROS E COMPAÑEIRAS DO CPI. DESPOIS DA MERENDA, FOMOS Ó PATIO, ONDE GOZAMOS TIRÁNDONOS DA TIROLINA, CAMIÑAMOS SOBRE PONTES DE CORDAS, DESPRAZÁMONOS POLAS ESCALEIRAS HORIZONTAIS, XOGAMOS NA CASIÑA DE MADEIRA..., DIVERTÍMONOS MOITÍSIMO!



EN GRUPOS VISITAMOS O LABORATORIO, ONDE CAMILO, PROFESOR DO CPI, E TRES ALUMNOS DE 1º E 2º DA ESO, NOS PRESENTARON LÁMINAS DE DIFERENTES ANIMAIS: VACA, CABALO, OVELLA..., E TIÑAMOS QUE COLOCALOS XUNTO O CRANIO CORRESPONDENTE. EXPLICOUNOS CAL É A DIFERENZA DE CADA CRANIO DE ANIMAL, QUE ESTABAN EXPOSTOS NO LABORATORIO E, COMO SE CHAMABAN OS ÓSOS DO ESQUELETO DUN CETÁCEO.

ANTES QUE NOS VIÑESEN BUSCAR, XOGAMOS UN POUCO MÁIS NO PATIO PARA DESFRUTAR DEL, AÍNDA QUE EN NADA XA O TEREMOS PARA NÓS TÓDOLOS DÍAS!



# ANIVERSARIOS

NO TERCEIRO TRIMESTRE SEGUIMOS CELEBRANDO ANIVERSARIOS, E DESTA VOLTA UN MONTÓN DE COMPAÑEIROS E COMPAÑEIRAS DA NOSA AULA ESTIVERON DE CELEBRACIÓN.

NO MES DE ABRIL CELEBRAMOS OS CUMPLES DE **ROMÁN, MARC E PABLO** E, COMA SEMPRE, FIXEMOS PRIMEIRO A CELEBRACIÓN DE VIDA ANTES QUE A FESTA CON TÓDOLOS COMPAÑEIROS E COMPAÑEIRAS DA AULA DE ABAIXO. DESTE XEITO, REPRESENTAMOS AS VOLTAS DA TERRA AO REDOR DO SOL E ORDEAMOS AS NOSAS FOTOS PARA VER A EVOLUCIÓN E O PASO DO TEMPO.



NO MES DE MAIO TOCOULLE A **LIS** CELEBRAR O SEU ANIVERSARIO.



E PARA REMATAR O CURSO, NO MES DE XUÑO TIVEMOS A CELEBRACIÓN DOS CUMPLES DE **BIANCA, LUKAS E MATEO**.(QUE NON PUIDEMOS CELEBRAR XA QUE ESTIVO ENFERMO).



# PARABÉNS!

COMA SEMPRE Ó FINALIZAR CADA MES, FACEMOS UNHA GRAN FESTA PARA CELEBRAR ESTES ANIVERSARIOS CUNHA MERENDOLA GRAZAS ÁS FAMILIAS!



AÍNDA NOS QUEDA FACER A CELEBRACIÓN DOS CUMPLES DE XUÑO, QUE SERÁ O ÚLTIMO DÍA DE CLASE.





## LINGUA ESTRANXEIRA

NAS CLASES DE LINGUA ESTRANXEIRA UTILIZAMOS CANCIÓNS, CONTOS, VÍDEOS E MATERIAIS DA CLASE PARA APRENDER VOCABULARIO E EXPRESIÓNS SINXELAS.

NO TERCEIRO TRIMESTRE REPASAMOS OS NÚMEROS DO 1 AO 5/10 E OS ANIMAIS DA GRANXA E SALVAXES A TRAVÉS DAS CANCIÓNS: "", "WHAT DO YOU SEE?", "WALKING IN THE JUNGLE" ENTRE OUTRAS, DIVERSOS VIDEOS DE "STEVE AND MAGGIE" COS MATERIAIS DAS AULAS.

UTILIZAMOS EXPRESIÓNS COMA: "WHAT ANIMAL IS THIS? IT IS A...", "HOW MANY...?", "IT IS A FARM ANIMAL", "IT IS A WILD ANIMAL".



TAMÉN APRENDIMOS OS MEDIOS DE TRANSPORTE COAS FLASHCARDS, MATERIAIS DA AULA, CANCIÓNS COMA: "THE WHEELS ON THE BUS", "THE TRANSPORTS SONG" E VIDEOS DE STEVE AND MAGGIE.



## PSICOMOTRICIDADE

NESTE TERCEIRO TRIMESTRE SEGUIMOS TRABALLANDO DENDE A NOSA ÁREA, A TRAVÉS DO CORPO E DO MOVEMENTO COMO INSTRUMENTOS QUE NOS PERMITEN COÑECER O NOSO CORPO, O ENTORNO PRÓXIMO, E A OS DEMÁIS.

OS CONTIDOS QUE SE DESENVOLVERON FORON: O COÑECEMENTO DO NOSO CORPO, A TRAVÉS DE XOGOS ONDE TIÑAN QUE LOCALIZAR AS DIFERENTES PARTES DO CORPO, AS HABILIDADES MOTRICES BÁSICAS (DESPLAZAMENTOS, SALTOS, LANZAMENTOS OU RECEPCIÓNS) A TRAVÉS DE XOGOS CANTADOS ONDE TIÑAN QUE REPRESENTAR ANIMAIS, OU DIFERENTES FORMAS DE DESPLAZARSE, XOGOS DE LANZAMENTOS DE PRECISIÓNS, E XOGOS CON REGRAS SINXELAS QUE MELLORARON AS RELACIÓNS SOCIAIS (XOGOS DE PERSECUCIÓNS, DE ESCONDERSE, DE CARREIRAS...).

A MÚSICA TAMÉN FOI UNA GRAN FERRAMENTA PARA A FASE DE ANIMACIÓN, QUE AXUDOU A O ALUMNADO A EXPRESAR AS SUAS EMOCIÓNS E SENTIMENTOS.



## MÚSICA 3º TRIMESTRE

A MÚSICA É UNHA FERRAMENTA EXCELENTE PARA FOMENTAR RELACIÓNS, GOZAR XUNTOS, COLABORAR, IDENTIFICAR EMOCIÓNS, DESENVOLVER A MOTRICIDADE GROSA E FINA, MELLORAR A EXPRESIÓN CORPORAL, A EXPRESIÓN ORAL, A MEMORIA, A ATENCIÓN, A CREATIVIDADE...

NESTE TERCEIRO TRIMESTRE SEGUIMOS TRABALLANDO A PARTIR DE CONTOS E CANCIÓNS, CONTINUANDO A LIÑA QUE COMEZAMOS NO SEGUNDO TRIMESTRE, E AMPLIANDO AS ACTIVIDADES BASEADAS NESES CONTOS (A PRINCESA DO CAUREL, A MELLOR SOPA DO MUNDO, A BRUXA REGAÑADENTES, O PAPÓN...). PARA O ALUMNADO DESTAS IDADES É IMPORTANTE REPETIR E AFIANZAR AS HISTORIAS, COUSA QUE LLES GUSTA E

MOTIVA MOITO, EN ESPECIAL NA EXPRESIÓN DRAMÁTICA. ASÍ, ACOMPAÑAMOS AS CANCIÓNS E O XOGO DRAMÁTICO CON PERCUSIÓN CORPORAL, INSTRUMENTOS DE PLACAS E PEQUENA PERCUSIÓN.

ESTE CURSO CELEBRAMOS, POR FIN, O NOSO IV PÍCNIC LITERARIO E TIVEMOS COMO CONVIDADAS PARA REMATAR O DÍA A PESDELÁN, COAS QUE CANTAMOS E BAILAMOS. POIS BEN, COMO PREPARACIÓN PARA ESTE CONCERTO, NAS SEMANAS PREVIAS NA CLASE DE MÚSICA, ESTIVEMOS PRACTICANDO VARIOS BAILES E CANCIÓNS (ADAPTADAS) DESTE FENOMENAL GRUPO, EN ESPECIAL INDO EU E O BAILE DA CARRASQUÍÑA.

POR OUTRA BANDA, AO LONGO DO TRIMESTRE, FIXEMOS UNHA PEQUENA INTRUDUCCIÓN Á MÚSICA DE MOZART (E Á MÚSICA CLÁSICA EN XERAL), A TRAVÉS DE DOUS CONTOS CON MÚSICA E A VARIOS VÍDEOS SELECCIONADOS, QUE ADEMAIS VALERON PARA ESCOITAR, VER E NOMEAR DIFERENTES INSTRUMENTOS DA ORQUESTRA, ASÍ COMO PARA RECOÑECER ALGÚN FRAGMENTO DA ÓPERA A FRAUTA MÁXICA (POR EXEMPLO A ARIA DA RAÍÑA DA NOITE, QUE LLES CHAMOU MOITO A ATENCIÓN).

CON MOTIVO DALGUNHA OUTRA ACTIVIDADE OU CELEBRACIÓN, CANTAMOS TAMÉN CANCIÓNS QUE TIÑAN QUE VER CON ESES ACONTECEMENTOS. POR EXEMPLO, A HORTA DE BALBINA (DE MARÍA FUMAÇA) CANDO PLANTAMOS NAS NOSAS HORTAS, OU AHÍ VEN O MAIO (CO NOVO LIBRO INFANTIL EDITADO POR XERAIS SOBRE A POESÍA DE CURROS E A MÚSICA DE LUIS EMILIO BATALLÁN) CANDO CELEBRAMOS O MAIO.

ADEMAIS, EN MOITAS DAS SESIÓNS SEGUE HABENDO LUGAR PARA AS CANCIÓNS MOTORAS, ESAS COAS QUE LEVAMOS TRABALLANDO VARIOS ANOS, UNHA PARA CADA DÍA DA SEMANA, E QUE PERMITEN DESENVOLVER E PREVIR DIFICULTADES NA MOTRICIDADE DAS CRIANZAS.





## RELIXIÓN



NESTE 3º TRIMESTRE EN RELIXIÓN TRABALLAMOS:

- SOMOS AMIGOS.
- PERDÓN, A PALABRA MÁXICA.
- COÑECENDO A MARÍA



A TRAVÉS DE DINÁMICAS DE COHESIÓN DE GRUPO, COÑECEMOS MELLOR AOS NOSOS AMIGOS.

CONTAMOS O CONTO DE "CHUSCO, UN PERRO CALLEJERO", CO CAL TRABALLAMOS O VALORA DA AMIZADE E A COOPERACIÓN ENTRE AMIGOS. DEBUXÁMONOS CON CHUSCO E OS NOSOS AMIGOS



COÑECEMOS A PARÁBOLA DA "OVELLA PERDIDA" A TRAVÉS DAS MARIONETAS DE VALIVÁN

FIXEMOS UNHAS MÁSCARAS DA OVELLA E DO LOBO



PARTIMOS DO CAPÍTULO "ME PERDONA, NO ME PERDONA", DA SERIE DE DEBUXOS ANIMADOS "YA LLEGA NODDY":

[HTTPS://WWW.YOUTUBE.COM/WATCH?V=O8WMGIDWBXG](https://www.youtube.com/watch?v=O8WMGIDWBXG)

E TRABALLAMOS O PERDÓN A TRAVÉS DE DIFERENTES ESTRATEXIAS COMO OS XOGOS E AS DRAMATIZACIÓNS.

COÑECEMOS Á VIRXE MARÍA E COLOREÁMOLA NUNHA



MANDALA

## ATENCIÓN EDUCATIVA



CONTINUAMOS CO TRABALLO INICIADO NOS TRIMESTRES ANTERIORES, SEGUIMOS PROFUNDANDO NOS VALORES QUE REXEN AS NOSAS VIDAS, VALORES AOS QUE CHEGAMOS DESDE A LECTURA, A REFLEXIÓN DE CONTOS QUE CENTRAN AS NECESIDADES E CURIOSIDADES NA ETAPA DE EDUCACIÓN INFANTIL. ELABORAMOS TRABALLOS EN GRAN GRUPO E PEQUENO GRUPO, REALIZANDO BRAINSTORMING SOBRE OS VALORES QUE PRESENTAN NOS SEUS ACTOS OS PROTAGONISTAS DAS NOSAS HISTORIAS.

DISCUTIMOS A IMPORTANCIA DE DICIR A VERDADE E OS EFECTOS NOCIVOS QUE TRAE CONSIGO DICIR MENTIRAS. SEGUIMOS CUN SENTIMENTO QUE SE ATOPA PRESENTE NA VIDA DO SER HUMANO, O AMOR. AFASTÁMONOS DAS IDEAS ESTEREOTIPADAS DE DISNEY E, IMOS TENTAR PROFUNDAR NO SENTIMENTO, BUSCAMOS AS RAZÓNS PARA ANALIZAR PORQUE QUEREMOS ÁS PERSOAS, QUE NOS ACHEGA ESTE SENTIMENTO E A SÚA AUSENCIA QUE EFECTOS TEN SOBRE AS NOSAS VIDAS.

SOMOS SERES SOCIAIS QUE NECESITAMOS SENTIRNOS PARTE DO GRUPO, VALORADOS E VALORAR A OUTROS, POR TANTO PROFUNDAMOS NO SENTIMENTO DO AMOR DESDE UNHA CONCEPCIÓN AMPLA E COMPRENSIBLE PARA O ALUMNADO.

A AXENDA 2030 ESTABELECE A IMPORTANCIA DO COIDADADO E RESPECTO DO MEDIO AMBIENTE E A NECESIDADE DO TRABALLO DE SENSIBILIZACIÓN SOBRE AS PERSOAS A TODAS AS IDADES, POR TANTO E DESDE ESTE CONTEXTO, TRABALLAMOS ,APOIÁNDONOS NO CENTRO DE INTERESE DA PRIMAVERA, ESTA ESTACIÓN, O ESPERTAR DOS ANIMAIS E DAS PLANTAS, O SEU COIDADADO E RESPECTO DA NATUREZA.



E ATA AQUÍ CHEGAMOS...

AGORA, RECIBINDO COS BRAZOS ABERTOS O LUMINOSO VERÁN, É TEMPO DE REPOUSAR, INTEGRAR O APRENDIDO E GOZAR AO MÁXIMO DOS MOMENTOS DE LECER.

AGRADECEMOS A TODAS VÓS, FAMILIAS, A VOSA COLABORACIÓN E IMPLICACIÓN NA ESCOLA.

PARA OS QUE COMEZAN UNHA NOVA ETAPA NA SÚA VIDA ESCOLAR DESEXÁMOSLLES TODO O MELLOR. QUE SEXAN BONITOS ESES ANOS QUE VEÑEN.

PARA OS QUE VOLVEN TRALAS VACACIÓNS, ESPERÁMOLOS EN SETEMBRO PARA CONTINUAR ACOMPAÑÁNDOOS NO SEU CAMIÑO.

PARA TODOS E TODAS, QUE ESTE VERÁN VEÑA CARGADO DE INSTANTES DESES QUE NUTREN E FAN TANTO BEN...



**BO VERÁN A TODOS E  
A TODAS!!!**